CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2022/11

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- Casa do Concello, xoves 15 de decembro de 2022 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
ANA MUÑIZ ABUÍN
RAMÓN ABUÍN GÓMEZ

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
VALENTÍN ALFONSÍN SOMOZA
M. SOLEDAD BOGA GRELA
SERGIO JOSÉ BOGA GÓMEZ

Unidade Veciñal de Dodro
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO
ABEL TARRÍO ABUÍN

AUSENCIAS:
PP
JOSÉ PABLO CARBAJAL IGLESIAS
ADRIANA SÓÑORA BUSTELO

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA
2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-

CVD: cyva8BPjpyDyRnggd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ORZAMENTARIA DO 3º TRIMESTRE 2022

B) DELIBERACIÓN DE ACORDO

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
4. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITO 1/2022
5. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITO 2/2022
6. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2022
7. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14, QUE REGULA A TAXA POLO SUBMINISTRO E ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE
8. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 15 QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS
9. PROPOSICIÓN CENTRO DE SAÚDE DODRO

C) MOCIÓNS

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE DODRO PARA SOLICITAR AO GOBERNO DE ESPAÑA REVISIÓN DELITO DE SEDICIÓN
11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES
12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE APOIO Á ILP PROMOVIDA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA
13. MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE CUMPRA CO PACTO E O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL
14. MOCION DE APOIO AO PERSOAL DE SAF - GRUPO MUNIPAL BNG

D) CONTROL DO GOBERNO

15. ROGOS E PREGUNTAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Boas tardes, son as oito da tarde, vamos a comenzar ca sesión ordinaria do pleno da corporación deste mes de decembro. Antes de nada, bueno, intentarei non falar moito hoxe porque teño a voz bastante, bastante mal.*
Empezamos co primeiro punto da orde do día do apartado A "Dación de Conta dos Decretos da alcaldía".

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que a a continuación se transcribe de xeito literal:

"Exp.: 2022/G006/000410
Asunto: Resolucións da Alcaldía

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dáse conta das resolucións que van desde o número 530/2022 ao 604/2022, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Están todos os decretos da alcaldía a disposición dos concelleiros, como é un punto para dación en conta, enténdese que todo o mundo os viu"*

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da alcaldía indicadas.

2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 3º TRIMESTRE 2022

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Exp.: 2022/G006/000412
Informes económico-orzamentarios

Dáse conta da remisión de información económico-orzamentaria a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais:

-Período Medio de Pago do 3º trimestre (enviado o 27/10/2022)
-Informe de execución trimestral do 3º trimestre (enviado o 31/10/2022)
-Líneas fundamentais do presuposto 2023 (enviado o 17/08/2022)
-Coste efectivo dos servizos das entidades locais (enviado o 31/10/2022)

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O punto dous que é "Dación de conta da remisión da información económica orzamentaria do 3º trimestre do 22" dicir que se enviaron para a oficina virtual de coordinación financeira, os documentos necesarios, os correspondentes informes económicos orzamentarios que conteñen o período medio de pago do 3º trimestre, informe de execución trimestral do 3º trimestre, as líneas fundamentais do presuposto do 23 e o custe efectivo dos servizos das entidades locais. E tamén están a disposición de todos os concelleiros.*
E empezamos cos puntos do apartado B."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados .

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

3. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"o punto 3 da orden do día é a aprobación se procede da acta da sesión anterior, entendo que todo o mundo a leu e vamos a darlle un turno de intervención a cada portavoz. Portavoz do Partido Popular por favor"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP:: *"No, non temos nada que dicir"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"O Partido Socialista vai aprobar esta acta"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Ola, boas noites, si desde Unidade Veciñal tamén non temos nada que dicir, e ímola aprobar tamén"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *"Boas noites a todas e a todos, e si, tampouco hai nada que salientar por parte do Bloque Nacionalista Galego, vamos a aprobar a acta"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Entón vamos a pasar a votación"*

Sométese a aprobación a acta da sesión plenaria do 18-10-2022 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Abstencións: 3

0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Por maioría absoluta
Estado da Acta: Aprobada

4. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITO 1/2022

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

*"**EXPEDIENTE**: 2022/X999/000020*
***ASUNTO**: RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 1/2022*
***TRÁMITE**: PROPOSTA A PLENO*

Logo de ver as facturas da relación contable F/2022/5 que a continuación se indican:

Núm. Entrada	Núm. factura	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto explicativo	Aplicación			Rexistro entrada en FACe
F/2022/35	PI21142000358518	07/09/2021	577,94	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	ELECTRICIDADE POLIDEPORTIVO PERIODO 01/06/2021 A 31/07/2021	2022	342	22100	REGAGE22e00001416686
F/2022/103	ADM200001 00001	21/12/2020	4,78	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	COTA APLICACION ACTIVADA POR ERRO 609354892	2022	920	22000	
F/2022/104	28-I9U1-092512	01/09/2019	6,51	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	MFE CON CORPORATIVO EXTENCIONS FIXAS FACTURADAS: 20 PERIODO 18/07/2019 A 17/08/2019	2022	920	22200	
F/2022/105	28-H9U1-044112	01/08/2019	39,93	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	MFE CON CORPORATIVO EXTENSIONS FIXAS FACTURADAS. 19 PERIODO 18/06/2019 A 17/07/2019	2022	920	22200	
F/2022/254	933	25/02/2021	320,32	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR	ACHEGA MUNICIPAL DO SERVIZO XANTAR NA CASA PERIODO OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DO 2020	2022	2310	22699	
F/2022/760	FCH_2021/1	12/11/2021	270	G15839400	AGRUPACION ASTRONOMICA CORUÑESA ÍO	CHARLA CON OBSERVACION O 12/11/2021 DENDE TREITO (DODRO)	2022	341	22799	
F/2022/761	1/2021	10/08/2021	300	G36041481	AGRUPACION DE GAITAS E DANZAS DE VALGA	ACTUACION DE GRUPO DE GAITAS DURANTE A CELEBRACION DA INCHADIÑA BRANCA VELA 2021 O 24 DE XULLO	2022	334	22609	
TOTAL			1,519.48 €							

Considerando que se trata de facturas correspondentes a servizos e

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

subministracións prestados nos anos 2019, 2020 e 2021.

Foi emitido informe de reparo suspensivo en data 12/12/2022 por Secretaría-intervención indicando que "O aboamento con cargo o exercicio 2022 vulnera, o principio de anualidade orzamentaria por tratarse de gastos do exercicio anterior e, polo tanto, considera quen subscribe que se trata dun suposto de inadecuación de crédito".

Mediante providencia da Alcaldía disponse "Iniciar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 01/2022, para os gastos que a continuación se indican con cargo as aplicacións orzamentarias do presuposto de 2022 que se sinalan, significando unha minoración nos créditos específicos para gastos a realizar no exercicio 2022 que non perturba o normal funcionamento dos servizos vinculados ás áreas afectadas por esa minoración.

Factura	*Aplicación orzamentaria*			*Importe*
F/2022/35	*2022*	*342*	*22100*	*577,94*
F/2022/103	*2022*	*920*	*22000*	*4,78*
F/2022/104	*2022*	*920*	*22200*	*6,51*
F/2022/105	*2022*	*920*	*22200*	*39,93*
F/2022/254	*2022*	*2310*	*22699*	*320,32*
F/2022/760	*2022*	*341*	*22799*	*270*
F/2022/761	*2022*	*334*	*22609*	*300"*

Con data 12/12/2022 emítese informe de Secretaría-intervención favorable á tramitación do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Considerando que o artigo 26.1 Real Decreto 500/90, indica que con cargo aos créditos do estado de gastos de cada Orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que os gastos foron efectivamente realizados e que se trata de facturas conformadas polo alcalde ou concelleiro da área respectiva.

Considerando que o aboamento con cargo o exercicio 2022 vulnera, como se recolle no informe de Secretaría-intervención, o principio de anualidade orzamentaria, a imputación ao dito exercicio require do acordo plenario, a través do oportuno recoñecemento extraxudicial, tal e como se deriva do artigo 60.2 do citado Real Decreto 500/90.

*Existindo no orzamento do exercicio 2022 crédito suficiente para facer fronte ás obrigas económicas anteditas, resultando necesaria a aprobación do mencionado gasto e tendo en conta que se trata de gastos correspondentes a exercicios pechados, PROPONSE AO PLENO a adopción dos seguintes ACORDOS**:***

***Primeiro**: Aprobar, dispoñer e recoñecer a obriga polos gastos realizados por*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

importe de 1.519,48 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias que a continuación se indican, na modalidade de recoñecemento extraxudicial de crédito, levantando o reparo formulado e ordenando o pagamento:

Núm. Entrada	Núm. factura	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto explicativo	Aplicación			Rexistro entrada en FACe
F/2022/35	PI21142000358518	07/09/2021	577,94	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	ELECTRICIDADE POLIDEPORTIVO PERIODO 01/06/2021 A 31/07/2021	2022	342	22100	REGAGE22e00001416686
F/2022/103	ADM200001 00001	21/12/2020	4,78	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	COTA APLICACION ACTIVADA POR ERRO 609354892	2022	920	22000	
F/2022/104	28-I9U1-092512	01/09/2019	6,51	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	MFE CON CORPORATIVO EXTENCIONS FIXAS FACTURADAS: 20 PERIODO 18/07/2019 A 17/08/2019	2022	920	22200	
F/2022/105	28-H9U1-044112	01/08/2019	39,93	A78923125	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	MFE CON CORPORATIVO EXTENSIONS FIXAS FACTURADAS. 19 PERIODO 18/06/2019 A 17/07/2019	2022	920	22200	
F/2022/254	933	25/02/2021	320,32	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR	ACHEGA MUNICIPAL DO SERVIZO XANTAR NA CASA PERIODO OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DO 2020	2022	2310	22699	
F/2022/760	FCH_2021/1	12/11/2021	270	G15839400	AGRUPACION ASTRONOMICA CORUÑESA ÍO	CHARLA CON OBSERVACION O 12/11/2021 DENDE TREITO (DODRO)	2022	341	22799	
F/2022/761	1/2021	10/08/2021	300	G36041481	AGRUPACION DE GAITAS E DANZAS DE VALGA	ACTUACION DE GRUPO DE GAITAS DURANTE A CELEBRACION DA INCHADIÑA BRANCA VELA 2021 O 24 DE XULLO	2022	334	22609	
TOTAL				1,519.48 €						

***Segundo**: Dar traslado á Tesourería municipal aos efectos oportunos,*

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Este é o primeiro recoñecemento extraxudicial de crédito, deste ano 2022, xa se ve polo número, e é produto dunhas facturas que chegaron fora do prazo correspondente a exercicios e a servizos prestados nos anos 2019, 2020 e 2021. Entendo que voulle dar un turno a cada portavoz por se teñen algo que dicir. Portavoz do Partido Popular"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP:: *"Bos días a todos, nós normalmente pois apoiamos os recoñecementos extraxudiciais de crédito, porque entendemos que debe ser así, e a veces o que unha factura veña cunha data, ou sexa, chegue cunha data posterior pois non debe ser obstáculo para que sexa pagada. En todo caso, neste caso ímonos abster porque estamos falando de datas do ano 2021, setembro, de decembro 2020, 2019, agosto do 2019... en fin, entendemos que algún tipo de descontrol debería haber, non tanto nas de telefónica ou gas natural, pero hai algunhas que realmente si se fai unha actividade o normal é controlar ese gasto e ese gasto debe ser fiscalizado nese exercicio e estamos en decembro do*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ano 2022, penso que hai tempo máis que suficiente para ter controlado ese gasto, e polo tanto neste punto ímonos abster"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ben, moitas gracias pola súa intervención. Portavoz do Partido Socialista de Galicia"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Nós vamos a aprobar esta proposta e recordarlle ao voceiro do PP de que houbo que aprobar outros recoñecementos extraxudiciais de crédito do ano 2018, xa por este goberno, e no 2018 quen gobernaba á súa maneira aquí era Valentín Alfonsín"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Si, nós tamén imos a aprobar este punto do recoñecemento extraxudicial, bueno, son facturas que chegan, chegan tarde, tampouco é cuestión de non aprobalas"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG*: "Si, no mesmo sentido que os compañeiros do goberno. É o 1º recoñecemento extraxudicial, virán logo outros. Eu creo que é unha boa nova no sentido de que non pasa o mesmo que pasaba cando gobernaba o Partido Popular que estabamos acostumados a ver antes da barra máis números e aquí nada máis que temos afortunadamente isto, entón eu creo que contrariamente ao que poida pensar o Partido Popular é unha xestión que non ten nada que ver a deste goberno coa do Partido Popular. Polo tanto, imos a aprobar esta e xa anunciamos que vamos aprobar as seguintes"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Eu facerlle unha puntualización ao portavoz do Partido Popular. Parece mentira que fose alcalde 8 anos, se tomara a molestia de revisar o expediente vería que son facturas que chegaron a este concello, que teñen fecha de entrada, número de entrada o ano 2022. Non sei moi ben porque vostede entende que Telefónica mande as cousas tarde e o resto da xente non poida ter ese mesmo problema, pero bueno, vostede sabrá porque defende a Telefónica e non defende aos demáis.*
Gracias, vamos a proceder a votar"

Votacións:

Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Por maioría absoluta
Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

5. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITO 2/2022

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

*"**EXPEDIENTE**: 2022/X999/000097*
***ASUNTO**: RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 2/2022*
***TRÁMITE**: PROPOSTA A PLENO*

Con datas 07/01/2022 e 24/01/2022 foron presentadas solicitudes de aboamento de gastos de locomoción por parte desta alcaldía e do concelleiro de cultura e patrimonio, correspondentes a gastos de locomoción producidos no exercicio 2021 e cuxo resumo é o seguinte:

	Kms e Importe	Aparcamento e Autoestrada	Totais
Alcalde	2.841km x0,19€ = 539,79 €	152,25 €	692,04 €
Concelleiro cultura e patrimonio	-	22,60 €	22,60 €

Foi emitido informe de reparo suspensivo por Secretaría-intervención indicando que "O aboamento con cargo o exercicio 2022 vulnera, o principio de anualidade orzamentaria por tratarse de gastos do exercicio anterior e, polo tanto, considera quen subscribe que se trata dun suposto de inadecuación de crédito".

Mediante providencia da Alcaldía disponse "iniciar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 02/2022, para os gastos que a continuación se indican con cargo as aplicacións orzamentarias do presuposto de 2022 que se sinalan, significando unha minoración nos créditos específicos para gastos a realizar no exercicio 2022 que non perturba o normal funcionamento dos servizos vinculados ás áreas afectadas por esa minoración.

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

	Aplicación orzamentaria	*Importe*
Gastos locomoción exercicio 2021	*912.23100*	*714,64 €"*

Con data 12/12/2022 emítese informe de Secretaría-intervención favorable á tramitación do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Considerando que o artigo 26.1 Real Decreto 500/90, indica que con cargo aos créditos do estado de gastos de cada Orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que os gastos foron efectivamente realizados e que o aboamento solicitado correspóndese coas contías que veñen predeterminadas na normativa reguladora (Real Decreto 462/2002).

Considerando que o aboamento con cargo o exercicio 2022 vulnera, como se recolle no informe de Secretaría- intervención, o principio de anualidade orzamentaria, a imputación ao dito exercicio require do acordo plenario, a través do oportuno recoñecemento *extraxudicial, tal e como se deriva do artigo 60.2 do citado Real Decreto 500/90.*

*Existindo no orzamento do exercicio 2022 crédito suficiente para facer fronte ás obrigas económicas anteditas, resultando necesaria a aprobación do mencionado gasto e tendo en conta que se trata de gastos correspondentes a exercicios pechados, PROPONSE AO PLENO a adopción dos seguintes ACORDOS**:***

***Primeiro**: Aprobar, dispoñer e recoñecer a obriga polos gastos realizados por importe de 714,64 €, con cargo á aplicación orzamentaria 912.23100, na modalidade de recoñecemento extraxudicial de crédito, levantando o reparo formulado e ordenando o pagamento.*

***Segundo**: Dar traslado á Tesourería municipal aos efectos oportunos.*

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Este recoñecemento extraxudicial de crédito é basicamente algo parecido, son uns gastos presentados polo alcalde e polo concelleiro de cultura, no ano seguinte a que se produciran. Son gastos correspondentes ao ano 2021 que non puideron ser computados nese ano e se traen a este pleno para que sexan revisados e no seu caso aprobados. Voulle volver a dar un turno a cada un dos concelleiros. Portavoz do Partido Popular por favor"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP:: *"Ben, di vostede que estes gastos non se puideron traer aquí no ano 2021, non sabemos por que razón si é que son todos estes quilómetros se realizaron no mes de decembro na última semana, para non poderse levar no exercicio 2021, creo recordar que ten vostede ... pois xa certo..., bueno que lle gusta a vostede aprobar moitas facturas o último día de ano,*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

entonces pois estas tamén as podía ter aprobadas no ano 2021, e máxime que sin discutir aquí a necesidade ou non dos quilómetros realizados, o que si creemos que cando menos que si se debe adxuntar unha relación deses quilómetros para xerar coñecemento de quen ten obriga de fiscalizar a labor do goberno, nada máis. Ímonos abster, tampouco imos votar en contra, porque non queremos que o alcalde non deixe de percibir os quilómetros, faltaría máis"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Imos votar a favor, e máis que duns gastos que lle corresponden tanto ao alcalde coma ao concelleiro de cultura, e non se preocupe que a relación dos quilómetros está ben na documentación correspondente, os quilómetros que realizou"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Si, nós imos a votar a favor tamén deste punto, claro, o único que fixemos mal aquí, foi ao mellor non estar pendentes exactamente dos gastos que tivemos e presentámolos cando nos acordou, ao mellor outros están máis pendentes por presentarlle os gastos ao concello no mesmo día ou ao día seguinte, e nós estamos máis pendentes de traballar polo concello que ao mellor de presentar os gastos que fixemos, ao mellor foi ese o noso erro, pero bueno si se pode emendar agora, pois mellor. Imos a votar a favor"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG*:* *"Si, no mesmo sentido que no anterior vamos a votar a favor porque entendemos que a xestión deste goberno non ten nada que ver, como diciamos antes, ca do Partido Popular, preocupados simple e llanamente polos seus propios intereses, cando aquí o que se está poñendo encima da mesa son os intereses dos veciños. Entón nese sentido vamos votar a favor"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Moitas gracias. Pois unha última intervención tamén, que lle quede claro a tódolos portavoces, en especial ao que dudou de esto, que os gastos eran, que os quilómetros foron absolutamente necesarios para o desenvolvemento normal da función de alcalde, que non se trouxeron ata agora precisamente, porque antes houbo que atender outras cousas moitas máis importantes que non o que o alcalde ou o concelleiro de cultura percibían ou deixaban de percibir e o concello seguiu funcionando ata agora mesmo sin que nós os dous percibiramos estos gastos, así vai a seguir sendo, e como di moi ben Xoán Xosé, esperamos non xerar máis traballo do debido fóra de tempo, pero seguiremos facendo a nosa labor. Vamos a proceder á votación"*

Votacións:
Votos a favor: 6

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Por maioría absoluta
Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

6. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITO 3/2022

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

*"**EXPEDIENTE**: 2022/X999/000098*
***ASUNTO**: RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 3/2022*
***TRÁMITE**: PROPOSTA A PLENO*

Logo de ver as actas das sesións celebradas polos distintos Tribunais dos procesos de selección nas que se recollen as asistencias dos respectivos membros dos mesmos producidas no exercicio 2021 e cuxo resumo é o seguinte:

1.- SELECCIÓN PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS INTERINOS OU CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS AUXILIAR ADMINISTRATIVO (EXPTE. 2020/E001/000001)

Datas das sesións	*Membro do tribunal asistente*	*Importe*
03/05/2021, 05/05/2021, 06/05/2021, 10/05/2021, 21/05/2021, 25/05/2021, 26/05/2021, 28/05/2021 e 15/06/2021	*Presidenta*	*385,47 €*
	Secretaria	*385,47 €*
	Vogal 1	*358,02 €*
	Vogal 2	*318,24 €*
	Vogal 3	*318,24 €*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2.- SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 4 PEÓNS E 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO PEL CONCELLOS REACTIVA 2021 (EXPTE. 2021/E001/000001)

2.1 TRIBUNAL PEÓNS CATEGORÍA 3ª:

Datas das sesións	*Membro do tribunal asistente*	*Importe*
30/03/2021	*Presidente*	*39,78 €*
	Secretaria	*39,78 €*
	Vogal 1	*36,72 €*
	Vogal 2	*36,72 €*
	Vogal 3	*36,72 €*

2.2 TRIBUNAL AUXILIAR ADMINISTRATIVOS CATEGORÍA 2ª

Datas das sesións	*Membro do tribunal asistente*	*Importe*
08/06/2021 e 22/06/2021	*Presidente*	*89,46 €*
	Secretaria	*85,66 €*
	Vogal 1	*79,56 €*
	Vogal 2	*83,36 €*
	Vogal 3	*79,56 €*

3. SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS E 1 ENXEÑEIRO FORESTAS APROL 2021 (EXPTE 2021/E001/000002).

3.1 TRIBUNAL ENXEÑEIRO CATEGORÍA 1

Datas das sesións	*Membro do tribunal asistente*	*Importe*
26/07/2021	*Presidente*	*54,25 €*
	Secretaria	*81,99 €*
	Vogal 1	*42,83 €*
	Vogal 2	*42,83 €*

3.2 TRIBUNAL PEÓNS/PEOAS

Datas das sesións	*Membro do tribunal asistente*	*Importe*
26/07/2021	*Presidente*	*39,78 €*
	Secretaria	*39,78 €*
	Vogal 1	*36,72 €*
	Vogal 2	*36,72 €*
	Vogal 3	*36,72 €*

4. SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE TÉCNICO-A DE IGUALDADE (EXPEDIENTE 2021/E001/000003)

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Datas das sesións	*Membro do tribunal asistente*	*Importe*
08/10/2022, 14/10/2022 e 20/10/2022	*Presidenta*	*137,67 €*
	Secretaria	*137,67 €*
	Vogal 1	*128,49 €*
	Vogal 2	*129,63 €*
	Vogal 3	*86,42 €*

O que fai un total de 3.404,26 €.

Foi emitido informe de reparo suspensivo en data 12/12/2022 por Secretaría-intervención indicando que "O aboamento con cargo o exercicio 2022 vulnera, o principio de anualidade orzamentaria por tratarse de gastos do exercicio anterior e, polo tanto, considera quen subscribe que se trata dun suposto de inadecuación de crédito".

Mediante providencia da Alcaldía disponse "Iniciar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 03/2022, para os gastos que a continuación se indican con cargo as aplicacións orzamentarias do presuposto de 2022 que se sinalan, significando unha minoración nos créditos específicos para gastos a realizar no exercicio 2022 que non perturba o normal funcionamento dos servizos vinculados ás áreas afectadas por esa minoración:

	Aplicación orzamentaria	*Importe*
Aboamento asistencias a tribunais de selección exercicio 2021	*912.23100*	*3.404,26 €"*

Con data 12/12/2022 emítese informe de Secretaría-intervención favorable á tramitación do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Considerando que o artigo 26.1 Real Decreto 500/90, indica que con cargo aos créditos do estado de gastos de cada Orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que os gastos foron efectivamente realizados e que o aboamento solicitado correspóndese coas contías que veñen predeterminadas na normativa reguladora (Real Decreto 462/2002).

Considerando que o aboamento con cargo o exercicio 2022 vulnera, como se recolle no informe de Secretaría- intervención, o principio de anualidade orzamentaria, a imputación ao dito exercicio require do acordo plenario, a través do oportuno recoñecemento extraxudicial, tal e como se deriva do artigo 60.2 do citado Real Decreto 500/90.

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*Existindo no orzamento do exercicio 2022 crédito suficiente para facer fronte ás obrigas económicas anteditas, resultando necesaria a aprobación do mencionado gasto e tendo en conta que se trata de gastos correspondentes a exercicios pechados, PROPONSE AO PLENO a adopción dos seguintes ACORDOS**:***

***Primeiro**: Aprobar, dispoñer e recoñecer a obriga polos gastos realizados por importe de 3.404,26 €, con cargo á aplicación orzamentaria 912.23100, na modalidade de recoñecemento extraxudicial de crédito, levantando o reparo formulado e ordenando o pagamento.*

***Segundo**: Dar traslado á Tesourería municipal aos efectos oportunos.*

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Son os abonos de varios tribunais de xente que estivo aquí durante o ano 2021 formando parte dos tribunais necesarios para o mellor desenvolvemento de todas as funcións deste concello, xeráronse bastantes listas de traballadores e é moi complicado conseguir xente para a formación de tribunais, e precisamente por cantidade de traballo que houbo no ano 2021 e neste ano 2022 non se puido facer antes, simplemente desde a alcaldía pedir desculpas aos membros destes tribunais por este abono tardío e nos gustaría que pola nosa parte non volvese a suceder para que a xente queira vir a Dodro a formar parte dalgún tribunal. Xa vemos que nos costou moito traballo e seguiremos así. Voulle a dar un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Popular, por favor"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP:: "*Si, pois tamén queremos chamar a atención sobre este aspecto porque consideramos que a decembro do 2022 que se esteen pagando tribunais do mes de maio do 2021 non parece o máis correcto, non sei quen é o responsable de que estas cousas esteen sin pagar, tribunais de marzo do 2021, creo que non nos parece correcto e que alguén debería ter un pouco máis de preocuparse por cumprir cas obrigas do concello. Botamos en falta tamén pois os premios do carnaval, que non aparecen, parece ser que están moi preocupados polos membros do tribunal pero os pagamentos dos premios de carnaval, parece ser que hai xente que está reclamándoos. E tamén botamos en falta o tribunal do axente de igualdade, tiña que contratarse de maio a decembro, aínda non saíu esa praza?, non está nomeado o tribunal, aínda non saíu? ou farémolo o ano que ven ou terémolo que pagar o ano que ven, porque, había un axente de igualdade por contratar non? non había? de maio a decembro ou no?, no, xa non hai? non sei, verémolo ao mellor nalgún tribunal, ao mellor nalgún recoñecemento extraxudicial de crédito tamén supoño. Nos ímonos abster que nós queremos que se lle pague a esta xente"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Recórdolle que para querer que se lle pague hai que votar a favor, pero bueno... Portavoz do Partido Socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Está moi preocupado o voceiro*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

do PP de que bueno, por cousas que non se paguen, ou que retrasar.... el facíao a tempo, a tempo, a tempo...como os 200.000€ que deixou de pagar do seu equipo de goberno, e agora o que pon é impedimentos. Como di o alcalde, bastante traballo se leva para conseguir xente para os tribunais como para agora non recoñecerlle os seus dereitos que ten a cobrar por esa asistencia. O Partido Socialista vai a votar a favor"

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Pois claro, efectivamente, para pagar como ben di o portavoz do Partido Popular haberá que votar a favor, bueno como dixo tamén o alcalde, haberá que votar a favor. Si nos abstemos non facemos nada por pagar, ou sexa, en fin. Efectivamente, ven con retraso pero polo menos págase. Entonces imos votar a favor para pagar claro"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas Gracias. Portavoz do BNG"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG*: "Si, no mesmo sentido que no anteriores recoñecementos tamén vamos a apoiar porque é necesario facer este pago. Este equipo de goberno faino cando pode. Non deixa de atender á xente porque o que nos preocupa é que a xente estea atendida en tódolos campos e intentamos que sexa raudo e veloz para tódalas persoas. Claro co Partido Popular isto non pasaba"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas Gracias. Agradecería aos concejales do Partido Popular que non interrumpiren por favor cando están falando os outros, que intentasen manter un pouquiño de silencio. Gracias. Vamos pasar á votación desto"*

Votacións:

Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Resultado: Por maioría absoluta
Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

7. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14, QUE REGULA A TAXA POLO SUBMINISTRO E ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

*"**EXPEDIENTE**: 2022/G016/000001*
***ASUNTO**: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14, QUE REGULA A TAXA POLO SUBMINISTRO E ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE.*
***TRÁMITE**: PROVIDENCIA DE INICIO*

O prego de condicións técnico-económicas e administrativas do concurso para a xestión indirecta por concesión da explotación do servizo por consumo público municipal de auga potable, rede de sumidoiros e saneamento do Concello de Dodro establece, na súa cláusula 8.3, relativa ás tarifas, que "O concello comprométese a aprobar as ordenanzas fiscais pola prestación do servizo municipal de auga e sumidoiros, saneamento e deputación contidas na proposta que sala elixida no presente concurso, que se verá incrementado co correspondente IPC anual".

A Disposición Adicional da Ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable (BOP 28/02/2007 núm. 48) indica que "A cota tributaria fixada no artigo 5.1 da presente Ordenanza modificarase anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ó Consumo que sinale o Instituto Nacional de Estatística".

Con Rexistro de Entrada núm. 202299900000864 preséntase por parte da VIAQUA, S.A., con CIF A66141185, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento do Concello, escrito no que se expón:
"1.- Que VIAQUA S.A.U. é a concesionaria do Servizo Municipal de Augas, Rede de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais do Concello de Dodro.
2.- Que a cláusula 8.3. do Prego de condicións técnico-económicas e administrativas do concurso da xestión indirecta da explotación dos servizos de auga potable, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais establece que as tarifas deberán revisarse de acordo co incremento que experimente o IPC anual e que o concello comprometese a aprobar as ordenanzas co citado incremento.
3.- Que as últimas ordenanzas fiscais, que están en vigor, son a Ordenanza

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

reguladora da taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas, nº 14 e a Ordenanza que regula a taxa de prestación do servizo da rede de sumidoiros e de depuración de augas residuais, nº 15. Estas foron aprobadas polo Concello de Dodro, de forma provisional, por acordo plenario en sesión celebrada o día 12 de decembro de 2019, e aprobado definitivamente e publicado no BOP nº 27 de 10 de febreiro de 2020. Nos anos 2021 e 2022 aplicase a mesma tarifa, sen incremento.
4.- Que para o cálculo utilizamos o Índice de Prezos ao Consumo interanual, dende a última revisión, de setembro 2019 a setembro 2022, que segundo o Instituto Nacional de Estatística, foi dun 12,80%. E aplicando dito IPC ás tarifas actuais, se obteñen as tarifas que se mostran no documento anexo.
E solicita "Que previo ós trámites oportunos, se aproben as novas tarifas de auga, conservación de acometidas e contadores, prestación do servizo da rede de sumidoiros e de depuración de augas residuais para a súa aplicación o 1 de xaneiro de 2023".

Considerando que procede, polo tanto, a modificación relativa ao artigo 5 (cota tributaria) da Ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable (BOP 28/02/2007 núm. 48) ao abeiro do disposto na Disposición Adicional da Ordenanza fiscal nº 14 e que quedaría redactado nos termos abaixo indicados.

Emitido informe por Secretaría-intervención, no uso das competencias recoñecidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponse ao PLENO a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5 "Cota tributaria" da Ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable, coa redacción que a continuación se recolle:*

Artigo 5.- Cota tributaria

SUBMINISTRO DE AUGA

A) Usos domésticos

Cota de servizo (fixa)	*1,8216 €/mes*
1º Bloque ata 10 m3/abonado/mes	*0,2055 €/m3*
2º Bloque de 10 m3 ata 20 m3/abonado/mes	*0,4658 €/m3*
3º Bloque máis de 20 m3/abonado/mes	*0,5888 €/m3*
Por conservación de acometida	*0,6437 €/abonados/mes*
Por conservación de contador	*0,6437 €/abonados/mes*

B) Usos industriais e obras

Cota de servizo (fixa)	*2,5611 €/mes*
1º Bloque ata 15 m3/abonado/mes	*0,2875 €/m3*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2º Bloque de 15 m3 ata 30 m3/abonado/mes	*0,6518 €/m3*
3º Bloque mais de 30 m3/abonado/mes	*0,8246 €/m3*
Por conservación de acometida	*0,6437 €/abonados/mes*
Por conservación de contador	*0,6437 €/abonados/mes*

O 10% de IVE non incluído en auga
O 21% de IVE non incluído en conservación de acometidas e contadores

ACOMETIDA DE AUGA A REDE XERAL DE ABASTECEMENTO

Arqueta para colocación de tapa de 15 x 25
Lonxitude da gabia de 1 a 5 metros (apertura e peche e reposición de pavimento)
Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición que hai que realizar na gabia e no pavimento.

Acometida auga	*Terra (€)*	*Asfalto (€)*	*Baldosa- beirarrúa(€)*
¾"	*373,88 €*	*419,47 €*	*458,57 €*
1"	*397,27 €*	*451,01 €*	*473,25 €*
1 ½"	*437,21 €*	*486,94 €*	*533,87 €*
2"	*481,81 €*	*529,22 €*	*577,94 €*

Acometidas de máis de 5 m, farase un orzamento para cada caso.
21% do IVE non está incluído nas acometidas.

SEGUNDO.- *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.*

TERCEIRO.- *Considerar que, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"É a actualización destes dous últimos anos das taxas que están establecidas no contrato coa empresa subministradora. Vou a dar un turno de palabra a cada portavoz. Portavoz do Partido Popular"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Sobre o punto 7 non?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si o chamado, modificación da ordenanza fiscal número 14"*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Si, desconocemos as negociacións, si fixeron algún tipo de negociación para manter, ou cando menos non subir de forma tan importante neste ano, estes subministros básicos. Entendemos que ao mellor igual conviría facer algún tipo de acción, quero dicir, desde o concello para que nestes momentos nos que hai unha subida tan importante dos prezos de todos os bens, pois intentar conter estes prezos, como xa digo destes servizos básicos. En todo caso, bueno, pois correspóndelle lóxicamente ao equipo de goberno tomar a iniciativa e bueno pois é unha cuestión que lles corresponde neste caso a vostedes"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Mira quen fala, un señor que estivo no goberno e creou impostos que non había no concello de Dodro e aumentou os que había. O Partido Socialista vai aprobar esta modificación da Ordenanza"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Si, hai que recordar que o contrato administrativo da concesión da explotación esta da rede de abastecemento é xa de 2006, quen gobernaba en 2006, asinado polo Partido Popular de Dodro e que obriga á revisión dos prezos, obriga a revisión dos prezos ese contrato. A Ordenanza vixente di que se revisarán anualmente de acordo co IPC que sinale o INE, e non se fixo desde 2020.*
Outra cousa sería que a explotación esta fora feita directamente polo concello, e como non hai outra opción que aprobar, é o que nos obriga o contrato, témolo que aprobar"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *"Si, un pouco no mesmo sentido. Hai que ler a documentación. Hai que vir preparado da casa e saber que é o que temos encima da mesa. E como acaban de dicir aquí pois, non queda máis remedio que aplicalo"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, recordarlle ao portavoz do Partido Popular, que hai un contrato asinado coa empresa subministradora como ben dixo o portavoz de Unidade Veciñal que data do ano 2006, a min non me consta que durante 8 anos de goberno do que hoxe é o portavoz do Partido Popular, tivera nin unha sola negociación, nin ningún solo retraso, nin pago, nin rebaixa, nin nada para manter ou non subir, como moi ben dixo, estas taxas. Non o fixo vostede durante 8 anos, será porque non se podía, ninguén dixo o contrario. Nós vamos a cumprir a Lei e polo tanto vamos a facer o que nos obriga o contrato que estaba aquí cando nós chegamos"*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Votacións:

Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Por maioría absoluta
Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

8. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 15 QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

*"**EXPEDIENTE**: 2021/G016/000002*
***ASUNTO**: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 15 QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.*
***TRÁMITE**: PROVIDENCIA DE INICIO*

O prego de condicións técnico-económicas e administrativas do concurso para a xestión indirecta por concesión da explotación do servizo por consumo público municipal de auga potable, rede de sumidoiros e saneamento do Concello de Dodro establece, na súa cláusula 8.3, relativa ás tarifas, que "O concello comprométese a aprobar as ordenanzas fiscais pola prestación do servizo municipal de auga e sumidoiros, saneamento e deputación contidas na proposta que sala elixida no presente concurso, que se verá incrementado co correspondente IPC anual".

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A Disposición Adicional da Ordenanza fiscal nº 15 reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais (BOP 08/03/2007 núm. 55), establece que "As cotas tributarias fixadas no artigo 6 desta Ordenanza modificaranse anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ó Consumo que sinale o Instituto Nacional de Estatística".

Con Rexistro de Entrada núm. 202299900000864 preséntase por parte da VIAQUA, S.A., con CIF A66141185, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento do Concello, escrito no que se expón:
"1.- Que VIAQUA S.A.U. é a concesionaria do Servizo Municipal de Augas, Rede de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais do Concello de Dodro.
2.- Que a cláusula 8.3. do Prego de condicións técnico-económicas e administrativas do concurso da xestión indirecta da explotación dos servizos de auga potable, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais establece que as tarifas deberán revisarse de acordo co incremento que experimente o IPC anual e que o concello comprometese a aprobar as ordenanzas co citado incremento.
3.- Que as últimas ordenanzas fiscais, que están en vigor, son a Ordenanza reguladora da taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas, nº 14 e a Ordenanza que regula a taxa de prestación do servizo da rede de sumidoiros e de depuración de augas residuais, nº 15. Estas foron aprobadas polo Concello de Dodro, de forma provisional, por acordo plenario en sesión celebrada o día 12 de decembro de 2019, e aprobado definitivamente e publicado no BOP nº 27 de 10 de febreiro de 2020. Nos anos 2021 e 2022 aplicase a mesma tarifa, sen incremento.
4.- Que para o cálculo utilizamos o Índice de Prezos ao Consumo interanual, dende a última revisión, de setembro 2019 a setembro 2022, que segundo o Instituto Nacional de Estatística, foi dun 12,80%. E aplicando dito IPC ás tarifas actuais, se obteñen as tarifas que se mostran no documento anexo.
E solicita "Que previo ós trámites oportunos, se aproben as novas tarifas de auga, conservación de acometidas e contadores, prestación do servizo da rede de sumidoiros e de depuración de augas residuais para a súa aplicación o 1 de xaneiro de 2023".

Considerando que procede, polo tanto, a modificación relativa ao artigo 6 (cota tributaria) da Ordenanza fiscal nº 15 reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais (BOP 08/03/2007 núm. 55) ao abeiro do disposto na Disposición Adicional da Ordenanza fiscal nº 15 e que quedaría redactado nos termos abaixo indicados.

Emitido informe por Secretaría-intervención, no uso das competencias recoñecidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponse ao PLENO a adopción dos seguintes acordos:

***PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6 "Cota tributaria" da Ordenanza fiscal nº 15 reguladora da taxa pola prestación do*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, coa redacción que a continuación se recolle:

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA

1. SERVIZO DE EVACUACIÓN Á REDE DE SUMIDOIROS

A) Usos domésticos

Cota de servizo (fixa)	*1,7627 €/mes*
1º Bloque ata 10 m3/abonado/mes	*0,1424 €/m3*
2º Bloque de 10 m3 ata 20 m3/abonado/mes	*0,4601 €/m3*
3º Bloque de máis 20 m3/abonado/mes	*0,6027 €/m3*
Por conservación de acometidas	*0,8284 €/abonados/mes*

B) Usos industriais e obras

Cota de servizo (fixa)	*2,4675 €/mes*
1º Bloque ata 15 m3/abonado/mes	*0,2001 €/m3*
2º Bloque de 15 m3 ata 30 m3/abonado/mes	*0,6442 €/m3*
3º Bloque de máis 30 m3/abonado/mes	*0,8455 €/m3*
Por conservación de acometidas	*0,8284 €/abonados/mes*

C) Abonados sen subministración:

Cota de servizo (fixa)	*3,1904 €/mes*

10% do IVE non está incluído en sumidoiros.
21% do IVE non está incluído en conservación de acometidas.

2. ACOMETIDA A REDE XERAL DE SUMIDOIROS

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia e pavimento.
Lonxitude da gabia de 1 a 5 metros (apertura e cerramento e reposición de pavimento)
Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanxa e pavimento.

Acometida sumidoiros	***Terra (€)***	***Asfalto (€)***	***Baldosabeirarrúa(€)***
F-160	*479,37 €*	*547,85 €*	*616,33 €*
F-200	*506,75 €*	*575,22 €*	*643,70 €*

Nas acometidas de máis de 5 m, farase un orzamento para cada caso.
21% do IVE non está incluído nas acometidas.

3. SERVIZO DE DEPURACIÓN

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A) Usos domésticos

Cota de servizo (fixa)	*2,0622 €/mes*
1º Bloque ata 10 m3/abonado/mes	*0,1903 €/m3*
2º Bloque de 10 m3 ata 20 m3/abonado/mes	*0,4315 €/m3*
3º Bloque de máis 20 m3/abonado/mes	*0,5457 €/m3*

B) Usos industriais e obras

Cota de servizo (fixa)	*2,8731 €/mes*
1º Bloque ata 15 m3/abonado/mes	*0,2735 €/m3*
2º Bloque de 15 m3 ata 30 m3/abonado/mes	*0,6039 €/m3*
3º Bloque de máis 30 m3/abonado/mes	*0,7641 €/m3*

C) Abonados sen subministración:

Cota de servizo (fixa)	*3,9660 €/mes*

O 10% de IVE non está incluído en depuración

4. SERVIZO INSPECCIÓN E ANALISES VERTIDOS

a) As cantidades a esixir con ocasión da práctica das análises mínimo esixidas polo Regulamento municipal de vertidos e uso do sistema público de saneamento en baixa, deberán axustarse ás seguintes contías:

Parámetros	***€/param.***
pH	*6,38 €*
Condutividade	*6,38 €*
Sólidos en suspensión totais	*19,32 €*
D.B.O5	*40,38 €*
D.Q.O.	*32,48 €*
Fósforo total	*17,89 €*
Nitróxeno amonacal	*15,08 €*
Sulfuro	*22,31 €*
Aceites e graxas	*76,63 €*
Recollida e envío da mostra laboratorio	*111,76 €*
Total	*348,61 €*

O custo dos demais parámetros de verteduras limitados a analizar en cada caso atendendo á actividade da empresa son os seguintes

Parámetros	***€/param.***
Aluminio	*41,12 €*
Arsénico	*61,65 €*
Bario	*41,12 €*
Boro	*20,54 €*
Cadmio	*41,12 €*
Cromo hexavalente	*28,78 €*
Cromo total	*41,12 €*
Ferro	*28,78 €*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Manganeso	*28,78 €*
Níquel	*41,12 €*
Mercurio	*61,65 €*
Chumbo	*41,12 €*
Selenio	*61,65 €*
Estaño	*56,54 €*
Cobre	*28,78 €*
Zinc	*28,78 €*
Cianuros totais	*66,02 €*
Cloruros	*18,50 €*
Sulfitos	*52,93 €*
Sulfatos	*32,86 €*
Fluoruros	*32,86 €*
Fenois totales	*37,29 €*
Aldehidos	*49,30 €*
Deterxentes	*38,37 €*
Pesticidas	*547,81 €*
Toxicidade	*176,32 €*

B) As cantidades a esixir con ocasión das actuacións de comprobación e inspección ás que se refire o Regulamento municipal de vertidos e uso do sistema público de saneamento en baixa, deberán axustarse ás seguintes contías:

Por inspección e informe *216,63 €*

21% de IVE non está incluído en as taxas de análises e inspeccións.

SEGUNDO.- *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.*

TERCEIRO.- *Considerar que, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"É a segunda parte disto, é produto do mesmo contrato e ten as mesmas características. Entendo que estamos todos no mesmo pero aínda así voulle dar un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Popular"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP:: *"Ben, din vostedes que hai que cumprir o contrato, si tanto é así, o contrato según din vostedes deberíase*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

actualizar anualmente e agora resulta que non se actualiza anualmente se non bianualmente, é dicir podíase facer anualmente e non bianualmente. E vostedes o que collen agora son xustamente os meses de xaneiro a setembro, xustamente cando máis subeu o IPC, bueno pois ao mellor tamén podían subir únicamente co IPC do ano 2019, o ano 2021, por exemplo. Porque xa postos, están incumprindo vostedes o contrato, lle repito, din vostedes, di o contrato: deberá revisarse dacordo co incremento que experimente o IPC anual.
Bueno aquí si podían coller, xa lle digo, 2019-2021 e aforrar xustamente os meses de xaneiro a setembro do 2022, que foron o período no que máis incremento se produxo na inflación. Agora esa é unha opción que toman vostedes, son vostedes absolutamente libres de facelo, polo tanto a responsabilidade neste caso é a súa de que queren tomar vostedes tres anos non dous, toman tres, bueno, xustamente co período que máis se incrementou o IPC, bueno, a iniciativa é súa"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: "*Si, xa sabemos que o voceiro do PP é un gran xestor. Hasta xa na súa vida privada. Eu reitero o que dixen da outra e seguimos, o Partido Socialista vai votar a favor"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Si, chama atención agora o grado de insubmisión do Partido Popular con respecto a un contrato, que nos anima a que o incumpramos. Pero e que o que dí aquí, é que para o cálculo, o que di a Ordenanza no seu punto 4: para o cálculo utlilizamos o Índice de prezos ao consumo interanual dende a última revisión de setembro do 2019 a setembro de 2022, que segundo o INE foi un 12,80 e aplicando dito IPC ás tarifas actuais, que se obteñen as tarifas que mostran no documento anexo. Extráñame moito, aquí e agora, o Partido Popular que se queira botar ao monte, pero bueno, é cousa deles. Nós ímola aprobar"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG*:* *"Pois desde o Bloque dicímoslle ao Partido Popular que veñan cos deberes feitos, porque eu creo que máis claro non se lle pode dicir, outra cousa é se non entenden pero bueno, iso xa é problema deles"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Moitas gracias. Mire, estaba esperando, estaba intentando que non entrase nisto. Mire, parte dos problemas que tivemos este concello durante o ano 2021 foron xerados pola xudialización (ou como se diga) da oposición política, que fixo o portavoz do Partido Popular.*
Todos temos moitas opcións a tomar na vida non, unha pode ser cooperar, pode ser empuxar, pòdese mirar hacia adiante, visto de algún, non está nada claro que eso sexa o seu.
O tema da baixada de impostos, parece un tema recurrente por parte do Partido

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Popular en moitos ámbitos, parece mentira que non tomaran nota do que lles dixo, do que lles pasou á súa compañeira de ideoloxía inglesa con ese tipo de baixadas de impostos. Vamos a proceder á aprobación ou non da modificación da taxa"

Votacións

Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Por maioría absoluta
Estado: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

Prodúcese o son dunha chamada de teléfono entrante e o **sr. voceiro do PP** indica algo que non se alcanza a entender.

O sr. alcalde intervén dicindo *"Sr. Alfonsín, están chamando do 112 de emerxencias, por respecto a vostede, como concelleiro que é, non a collín, e pasaron agora ao tenente de alcalde. Si vostede calara a boca, si vostede calara a boca, si vostede calara a boca....Vostede realmente é un bocas, sabe o que é un bocas?. Por favor, que conste en acta..."*

María Soledad Boga Grela, PP: *"Que conste en acta las palabras del Sr. Alcalde hacia el portavoz del Partido Popular"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si si. Si, por favor"*

A continuación prodúcense varias intervencións simultáneas inintelixibles.

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

9. PROPOSICIÓN CENTRO DE SAÚDE DODRO.

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Desde que se presentou esta proposición sobre o centro de saúde de Dodro, xa as circunstancias cambiaron e entón é a miña intención retiralo da orde do día.*
Prodúxose unha xestión, aparte da presentación da moción, unha xestión, bueno unha chamada digamos, e non sabemos porque foi pero realmente están os servizos cubertos no centro de saúde de Dodro"

María Soledad Boga Grela, voceira do PP: *"Perdón, pero, esto era unha moción?"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Era unha proposta, dixen proposta"*

María Soledad Boga Grela, voceira do PP: *"ah!, como dixo retirar a moción"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Era unha proposta, proposta centro saúde de Dodro"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"perdón, pódenos repetir o motivo?"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Que non ten sentido, entendo, porque xa se solucionou o problema que había no momento de presentación da moción; non entende vostede o galego, non entende a explicación ou que é o que non entende?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Non escoitei"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"ah!, intente atender á primeira si non esforzo a voz e entenderá vostede..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Como atendeu unha chamada"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís*: "Por favor, por favor Sr. Alfonsín, por favor Sr. Alfonsín, o seu comportamento realmente é deleznable, nos plenos é deleznable, vale?. Prégolle por favor un pouquiño de respecto hacia o resto dos compañeiros"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP*: "Vale"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"parece que solo, bueno... non vou entrar en máis cousas".*

Retirado polo sr. alcalde o punto da orde do día, non se procede ao seu debate nen votación.

C) MOCIÓNS

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE DODRO PARA SOLICITAR AO GOBERNO DE ESPAÑA REVISIÓN DELITO DE SEDICIÓN.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE DODRO PARA SOLICITAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NO REVISION DO DELITO DE SEDICIÓN"

O Grupo Municipal Popular de Dodro conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción

Exposición de Motivos

Recentemente, e no marco da negociación dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, o Goberno de España volveu a facer pública a súa intención de reformar o delito de sedición, tipificado no artigo 544 do Código penal e que castiga a quen, sen estar comprendido no delito de rebelión, álzanse pública e tumultuariamente para impedir, pola forza ou fóra das vías legais, a aplicación das leis. Dita reforma foi adiantada polo executivo en xaneiro de 2020, tres meses despois da condena imposta polo Tribunal Supremo aos líderes do procés, en aplicación do devandito artigo.

O 10 de novembro de 2022, o presidente do Goberno confirmou que presentará unha iniciativa lexislativa para derrogar o delito de sedición e substituílo por outro de "desordenes públicos agravados". As leis de España non poden redactarse na sede de ERC nin pola conveniencia política de Pedro Sánchez. Nin a Constitución nin o Estado de Dereito poden renderse ás necesidades de ningún dirixente político e menos ás daqueles que se levantaron contra a Nación española. En ningún país europeo reformaríase o delito de sedición por parte dos sediciosos.

Con este anuncio, o Goberno de España retoma un perigoso precedente: o de ceder de maneira constante e permanente ás pretensións máis radicais dos seus socios parlamentarios, aínda que con iso non só socaven os principios e fundamentos do Estado de Dereito, senón que poñen claramente en cuestión a independencia do poder xudicial, ao volver corrixir as sentenzas do Tribunal Supremo, e a politización da xustiza, ao admitir que sexan os políticos condenados por sedición quen modifica as penas dos delitos que cometeron.

Dito doutra maneira, de levarse a cabo esta reforma, o Goberno de España estaría a participar activamente no descrédito e no menoscabo de dúas institucións fundamentais do Estado, como son as Cortes Xerais e os tribunais de Xustiza, beneficiando política e xudicialmente a quen no seu día trataron de atentar contra a integridade territorial e a orde constitucional de España.

As comunidades autónomas e os concellos deben pronunciarse publicamente se apoian reducir as penas establecidas no delito de sedición ou rexeitan esta modificación. Considérase esencial que desde as comunidades autónomas e os

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

concellos exista un pronunciamento explícito manifestando o rexeitamento a calquera acción que supoña debilitar ao Estado. Desde estas institucións que forman parte do Estado débese levar a cabo unha defensa sen concesións do principio de que todos somos iguais ante a Lei.

Esta decisión non é digna no contexto da España democrática e por iso consideramos que no PSOE non poden permanecer calados diante desta reforma que debilita o noso sistema constitucional.

Non deixa de ser sorprendente que, ao mesmo tempo que o Executivo se mostra favorable a derrogar o delito de sedición, pareza esquecer outras propostas como a anunciada en 2019 para prohibir por lei a celebración de referendos ilegais.

É necesario resaltar que, segundo os últimos datos demoscópicos coñecidos, menos dun 20% da poboación española apoia ao Executivo na súa decisión de rebaixar as penas polo delito de sedición. Incluso un 49% de quen declara apoiar nas urnas ao actual partido no Goberno móstranse contrarios á devandita reforma.

España é unha democracia estable e consolidada, pero non por iso menos necesitada de institucións fortes, que conten non só co respaldo da lei senón tamén co aprecio e a confianza dos cidadáns. Por iso vemos con preocupación a inercia do actual Goberno a transixir coas reclamacións dos seus socios parlamentarios, sexan estas para cesar á secretaria de Estado-Directora do Centro Nacional de Intelixencia, ou para non recorrer diante do Tribunal Constitucional unha lei autonómica de ensino feita a medida para non cumprir cunha sentenza xudicial. O anuncio da reforma do delito de sedición é só unha máis das concesións, pero dada a aritmética parlamentaria, non parece que vaia a ser a última.

Diante destas circunstancias, é tempo de solicitar ao Goberno de España e ao seu presidente que exerzan lealmente as funcións que teñen encomendadas, actúen en defensa do Estado e das súas institucións e, polo tanto, que non cedan ás pretensións de quen, amparados na lei, fixeron e fan todo o posible por menoscabala.

O Partido Popular está fortemente comprometido na defensa da Constitución española e da dignidade da Nación e considera que ambas circunstancias esixen entendemento entre as dúas principais forzas políticas de España.

Os intereses xerais de España e dos españois deben prevalecer sempre, mesmo por encima dos intereses particulares do Goberno ou de quen ostente a súa presidencia.

Por todo o exposto, o Grupo Popular no Concello de Dodro presenta a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

O Concello de Dodro insta ao Goberno de España para que, a través do presidente e secretario xeral do PSOE, proceda a:

PRIMEIRO.- Retirar de maneira inmediata a iniciativa parlamentaria presentada nas Cortes Xerais e non levar a cabo ningunha modificación do Código penal que

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

supoña derrogar o delito de sedición.

SEGUNDO.- Cumprir, acatar e respectar a Constitución española, aprobada de xeito maioritario polo pobo galego e no conxunto de España, na que non ten cabida a sedición nin os referendos ilegais, e, sobre todo, ratificar o artigo 2 da mesma: "a Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e á solidariedade entre todas elas"

En Dodro, 17 de Noviembre de 2022"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"si, tomo ou non?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"si, xa lle dixen fai un rato"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"no, non dixo nada, non dixo e como se enfada tanto cada vez que falo"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Desculpe. Moción do Grupo Municipal Popular do concello de Dodro para solicitar ao goberno de España a no revisión do delito de sedición. Cando queira Sr. Portavoz"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Ben, bos días a todos, boas tardes perdón. Ben pois presentamos esta moción, das resultas da modificación lexislativa que pretende facer o goberno de Pedro Sánchez, para favorecer a determinadas persoas, é o que se di unha modificación "ad hominen", entonces pois entendemos que esto o único que responde non é ao interés xeral do país, se non que máis ben é un pagamento de favores e para, pois ter o respaldo de grupos políticos que desde logo que manifestaron ata agora escaso interés polo benestar do noso país. Leo xa a proposta de acordo, non me estendo, porque a moción téñena vostedes ahí, aínda que ao mellor algún si que lle faría falta leela con atención. Entonces, paso a ler a proposta de acordo, que é moi interesante, moi interesante, a parte os xuíces din que é bastante moi interesante, bastante interesante, entonces vou"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"eso que era a moción? Ou son comentarios? Ou que era?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *o que?*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"o que estivo facendo ata agora, que era? non o entendín"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP*:* *"si, é describir un pouco o entorno social, político..."*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"ah!, pero eu pensei que aquí se viña a ler a moción"*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP*: "no, mire a moción..."*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"vostede presenta unha moción, con exposición de motivos e todavía necesita unha exposición do entorno político"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"si quere, léolla"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"A min, eu teño toda a tarde, xa sabe que eu veño aquí preparado, podo botar aquí toda a tarde"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP*: "Nós tamén"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non se preocupe"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Ben, leo a proposta de acordo. (lectura literal)"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, voulle dar un turno aos portavoces dos demáis partidos. Portavoz do Partido Socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Bueno, quizás sexa un pouco tostón, pero vou ler a miña resposta a eso. Estaba dentro da proposición da Lei Orgánica para reformar os delitos contra a integridade moral, desorde públicos e contrabando de armas de dobles usos. E tenta, con esta lei trátase de harmonizar a lexislación española á das principais democracias europeas, na que tamén se aborda a reforma dos delitos contra o orde público do Título XXII (vixésimo segundo) do Código Penal, o que comunmente se refire ao delito de sedición.*
Na nova regulación para o delito de sedición, é decir o delito de desorde pública agravado, a Proposición de Lei Orgánica presentada no Congreso para reformar o actual delito de sedición e harmonizar o noso Código Penal no que respecta a este delito nos códigos penais dalgunha das principais democracias europeas como Alemaña, Bélxica, Francia, Italia ou Suíza.
Na liña cos países da UE, créase un novo delito de desorde público agravado en substitución da sedición e castigará a quen, actúan con violencia ou intimidación e no seno dunha multitude capaz de alterar o orde público. É dicir, capaz de impedir que se apliquen as leis e as resolucións administrativas e xudiciais.
A pena establécese entre 3 e 5 anos de prisión e inhabilitación especial para emprego ou cargo público polo mesmo tempo. No caso de que o delito o cometan autoridades, a inhabilitación será absoluta e por tempo de 6 a 8 anos.
Nos países europeos coa nosa tradición xurídica non existe o delito de sedición. Alemaña derrogou o seu equivalente (o delito de "tumulto") en 1970 e integrouno no quebrantamento da paz pública. E o mesmo sucede en Francia, Italia, Bélxica ou Suíza.
Homologa o noso código penal ao dos países da UE. A sedición é unha figura obsoleta que en España ven do Código Penal de 1822 e que ten sido superada desde hai tempo en Europa. De feito, nos países europeos coa nosa tradición xurídica non existe o delito de sedición.
Coa reforma se establece unha denominación máis europea e actual e imponse un rango similar de penas de Alemaña: Quebrantamento da paz pública: ata 3

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

anos de prisión (5 anos se concorren agravantes), Francia: Rebelión (modalidade de comisión en grupo): 3 anos de prisión, Italia: Resistencia a un funcionario público: de 6 meses a 5 anos de prisión, Suíza: Violencia ou ameaza contra autoridades ou empregados públicos: ata 3 anos de prisión, Bélxica: Rebelión (modalidade de comisión en grupo): de 1 a 5 anos de prisión.
A principal vantaxe ao levar a cabo esta homologación é que facilitar a cooperación entre os Estados Membros dentro da UE, por que permitirá que se cumpra o requisito de dobre incriminación e que se esixe nas ordes europeas de extradición.
A falta de sintonía entre o noso Código Penal e o de outros países tería creado "santuarios" para os atentados contra a orde pública.
Non é unha concesión ao independentismo. A concesión de delito de sedición non representa en ningún caso unha concesión ao independentismo en Cataluña, dado que o seu obxectivo é a amnistía, unha demanda que o PSOE rexeita e que non entra nin na lexislación nin na Constitución Europea. Os delitos cometidos polo líderes independentistas en Cataluña en 2017 continuarán recollidos e tipificados no Código Penal español e, polo tanto, aqueles políticos que aínda non teñan rendido contas ante a xustiza do noso país terán que facelo sen dúbida ningunha.
Os feitos do 1 de setembro e o 1 de outubro de 2017 non quedan despenalizados. Se volve a suceder un delito como acreditou o TS en 2019, ou onde sucedan episodios violentos, e ou onde unha multitude impida ás autoridades actuar, o Estado terá agora un instrumento máis eficaz e con penas homologadas a Europa.
Nun Estado de Dereito deciden os xuíces e dámoslles unha ferramenta adecuada para non obrigarlles a xulgar delitos de 2022 cunha ferramenta de 1822, dous séculos.
E por último, o señor Puigdemont debe comparecer ante a Xustiza. O Grupo Municipal Socialista vai rexeitar esta moción do Partido Popular."

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Si, a ver; de verdade, de verdade que esto pode interesar a algún veciño de Dodro, esta moción que trae aquí o Partido Popular?. Bueno, e outra tamén vai para o PSOE, porque a ver, o traballo que se levaron aquí o señor portavoz para argumentar en contra da moción, tamén...bueno nos dende Unidade Veciñal a verdade é que xa nin a leemos, nin a leemos e agradecémoslle tamén ao Partido Popular que non a leeran. E como non a leemos, xa....bueno, eu creo que os veciños de Dodro teñen cousas moito máis importantes e non se merecen que perdamos o tempo con estas cousas aquí no pleno de Dodro, que perdamos o tempo con estas cousas. Eu creo que hai cousas máis importantes, e sobre todo mocións que ao mellor presenta o Partido Popular, algunha aínda é moitísimo máis importante que esta, a que vai presentar aquí dentro de pouco.*
Vémolo totalmente fóra de sitio, fóra de sitio. Imos a votar en contra evidentemente."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Galego"

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG*: "Despois da exposición do compañeiro de goberno do partido socialista tamén tiña unha intervención nese sentido. Pero efectivamente, como parte dos motivos están aí e a xente de Dodro creo que é consciente que este tipo de cousas ocórreselle ao Partido Popular de traer aquí enriba da mesa, cando o que espera a xente de Dodro é que o Partido Popular de Dodro traia cousas que lle interesen a Dodro, creo que non vou a entrar a analizar realmente a proposta, que estaría moi chula no Parlamento, pero terá que saber que xa foi aprobado ademáis. É extemporánea, foi aprobada hoxe, chegan sempre tarde a este tipo de cousas. Non sei se é que non fan os deberes, non len ou preséntana para encher ou para entorpecer, eu que sei!*
De todolos xeitos, ós galegos e galegas realmente lles interesa son os problemas graves da Sanidade Pública que o Partido Popular está a ralentizar provocar fronte ao que o PP de Dodro está calado, póndose de costas á veciñanza. Ou a escalada de prezos. Antes aludía a que nós estábamos facendo non sei que coas subidas de prezos... eu convídoo a que veña á manifestación que hai convocada o domingo en Compostela para protestar realmente contra esa suba de prezos que si lle afecta á xente de Dodro.
Podía dicir moitas máis cousas a respecto da moción do PP, pero insistimos como moi ben dicía o portavoz da Unidade Veciñal Xoán Xosé, que non lle interesa á xente de Dodro nada máis que a atención, os impostos municipais e a mellora, que están esperando de verdade que o Partido Popular traia aquí propostas para mellorar Dodro. E non estas cousas. Polo tanto vamos a votar en contra porque insisto, é totalmente extemporánea e porque acaba de ser aprobada.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ten dereito o portavoz do Partido Popular a un segundo turno por se quere facer uso del"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Si claro"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois adiante"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Ben, di vostede que esto non é de interés público. Bueno, estamos falando de algo que afecta ao artigo número 2 da Constitución, si a vostede non lle afecta, non lle importa o cumprimento do artigo número 2 da Constitución, non sei que artigo lle importa a vostede, porque vostede para ser concelleiro tivo que facer vostede promesa de cumprir e facer cumprir a Constitución. Pero vese que eso foi unha promesa falsa, tampouco nos descubre vostede nada, porque vostedes os do BNG e a Constitución, é notoriamente público que non se levan moi ben.*
Fala vostede que lle preocupa a sanidade pública, bueno pois xa estamos nosoutros, acaba de resolverse aquí un problema, o problema de Dodro.
Fala vostede que aos veciños de Dodro lles preocupa a suba dos impostos, lles preocupa pero vostede acáballe de meter un viaxe do 12,8%. Non sei o que lle preocupa, ou sexa, di vostede que lles preocupa aos veciños de Dodro os impostos, e vostede lle acaba de aumentar o 12,8% na auga e no saneamento, bueno ou sexa..."

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *"Un contrato que fixeron vostedes"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non interrumpir, por favor non interrumpir"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"ou sexa o artigo...eso non é deleznable?, eso no?, ah!. Entonces, vamos a ver, que é o que lle importa a vostede? ou cal? ou vostedes tampouco teñen límite ao igual que os cataláns?. Non me responda, é retórico. Non fai falta que me responda, é absolutamente retórico.*
Por certo sobre o temas dos contratos, o tema dos contratos do 2007 ao 2011, estivo gobernando un bipartito, creo recordar que algún de vostedes estaban nun partido e despois cambiouse, vostedes o tema este de ideoloxía, entran, saen, cambian, hoxe poñemos a camiseta dun, mañán poñemos a camiseta doutro, levan tres anos gobernando, e entonces agora acaban vostedes de subir os prezos sumando o IPC de tres anos, tres anos, non un nin dous, tres anos, a mangarlle aos veciños un 12,8 non lles preocupa nin a Constitución, nin lles preocupa os veciños, e que non sabemos que lles preocupa a vostedes. Bueno unha cousa, os cans, os cans creo que lle preocupan a vostedes moito e os ... (inintelexible) . Eso é o que lles preocupa a vostedes"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Sr. Alfonsín, por favor. Mire, díxenllo antes, e xa empezo a non saber que adxectivos utilizar para as súas actuacións, neste pleno da corporación e fóra do pleno da corporación. É vostede, non sei, non sei xa, non sei si nauseabundo, ou a que nivel está chegando vostede co seu nivel de oposición.*
Por favor limítese a opinar do que estamos tratando. É unha moción súa, deféndaa con un pouquiño de xeito, un pouquiño de honradez, e cun pouquiño de ganas. E non se vaia polos cerros de Úbeda a meter basura no que non toca. En todo caso vamos a proceder a votala..."

Votacións

Votos a favor: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Por maioría absoluta

Estado: Rexeitada

O pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras non aprobar a moción.

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

O Grupo Municipal Popular no Concello de Dodro de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia contra as mulleres e as nenas é unha das violacións máis xeneralizadas dos dereitos humanos no mundo, tal e como recoñece a ONU. É máis, esta organización internacional sinala que a violencia de xénero prodúcese cada día en todos os recunchos do planeta e ten graves consecuencias físicas, psicolóxicas e económicas sobre as mulleres e as nenas, tanto a curto como a longo prazo, ao impedirlles participar plenamente e en pé de igualdade na sociedade.

En consecuencia, a súa loita debe ser integral e contar co conxunto da sociedade, especialmente, cos poderes públicos e administracións, sexan estas internacionais, nacionais, autonómicas e, por suposto, locais.

Neste sentido, Galicia é pioneira na promoción de políticas públicas e no impulso de instrumentos legais dirixidos a eliminar as distintas formas de discriminación por razóns de xénero, avanzar na supresión dos atrancos que impiden o pleno desenvolvemento das mulleres nas distintas esferas e combater as diferentes expresións e as novas formas que adopta a violencia de xénero.

Así, a nosa Comunidade Autónoma conta con instrumentos lexislativos como a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que, nos últimos tempos, está a avanzar no recoñecemento doutro tipo de violencias, como é a violencia vicaria e a violencia dixital, a que se sumará proximamente o recoñecemento expreso da explotación sexual como violencia de xénero, tal e como recolle o proxecto de lei de medidas fiscais e

CVD: cyva8BPjpyDyRnggd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

administrativas que acompaña aos orzamentos da Xunta de Galicia para 2023.

Ademais de leis, tamén se puxeron en marcha diferentes medidas e iniciativas, como o Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que este 2022 vai pola súa oitava edición, ou o primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, aprobado o pasado mes de agosto e dirixido a proporcionar un marco de actuación que recolle de forma coordinada e global as liñas de intervención e directrices que deben orientar a actividade da Administración autonómica, dentro do seu marco competencial, para dar resposta ás situacións de trata con fins de explotación sexual.

Sen embargo, a pesar deste marco autonómico, non debemos esquecer que as entidades locais, como os concellos, son axentes de primeira liña na loita contra a violencia de xénero. Son en moitos casos axentes clave para identificar, atender e acompañar ás vítimas, derivándoas aos recursos especializados á súa disposición; así como de detectar e poñer en coñecemento das Forzas e Corpos de Seguridade estes casos de violencia de xénero para facer fronte ao agresor.

Por ese motivo, as Entidades Locais galegas desenvolven desde hai anos numerosas accións contra a violencia de xénero e veñen impulsando, con carácter permanente e de proximidade, distintas actuacións para contribuír a loitar contra esta problemática estrutural.

Ademais, no marco de colaboración interinstitucional entre o Goberno galego e os concellos de Galicia, no ano 2017 asinouse o Protocolo de Colaboración para o impulso da Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero e para promover a constitución e activación das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Así pois, tendo en conta que a colaboración interinstitucional é unha peza clave para traballar con éxito na prevención da violencia de xénero, no tratamento das súa vítimas e na súa erradicación completa, e entendendo os desafíos que a nosa Comunidade aínda ten por diante nesta loita.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular insta ao Concello de Dodro a :

1. Comprometerse a elaborar un estudo xurídico sobre as reformas que deberán implantarse, no ámbito das ordenanzas municipais, para que teñan perspectiva de xénero e así evitar discriminacións cara as mulleres nas políticas públicas locais e nos orzamentos.

2. Impulsar e apoiar a creación e continuidade de asociacións de mulleres como espazo de participación e empoderamento feminino e apoio a outras mulleres en risco de vulnerabilidade ou violencia de xénero.

3. Instar ao Goberno central ao cumprimento efectivo do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, impulsando as modificacións lexislativas pendentes a adoptando as medidas recollidas neste Pacto en materia de prevención, detección e atención integral.

4. Impulsar a formación do persoal municipal no ámbito da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, así como o fomento ou creación das Mesas Locais

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

de Coordinación Interistitucional contra a Violencia de Xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia.

5. Implicarse en campañas publicitarias contra a violencia de xénero, así como a elaboración de materiais que incidan na necesidade de establecer puntos seguros e de información sobre a violencia sexual en espazos públicos. Así mesmo, fomentar o establecemento de vixilancia por parte da Policía Local, en colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado, nos denominados puntos negros, tales como aparcadoiros, canellóns ou pasadizos.

Insta a Xunta de Galicia a:

− Colaborar permanentemente cos concellos, así como seguir fomentando a Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, en colaboración coa Fegamp, en materia de formación, prevención e sensibilización, así como o apoio técnico necesario aos concellos no ámbito da loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres.

En Dodro a 14 de novembro de 2022"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vai facer uso da palabra o portavoz do Partido Popular"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP:: *"Vouna a ler para que, a ver si, ao mellor a entendan ben, ao mellor."*

Procede o Sr. Alfonsín á lectura da moción arriba transcrita.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Socialista, ten algo que dicir?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Si, simplemente decirlle que esta moción é extemporánea, si a quixera facer, que a fixese alá a principios de ano porque cabe recordar que Dodro sí sigue traballando para erradicar esta violencia de xénero e tamén lembrarlle que, por certo o día 25 de novembro, o día internacional contra a violencia de xénero non asistiu"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Bueno, vamos a ver. Bueno por fin xa presentaron unha moción que ten algo que ver ca realidade. Parécenos, a verdade nos parece ben a moción, está fóra de..., é extemporánea como dixo aquí o portavoz do PSO, puidérona haber....antes acusaron ao goberno de que aprobabamos o recoñecemento extraxudicial de crédito tarde e con facturas de 2021 pero esto tiveron todo o ano, recordo que están na oposición que non están gobernando, tiveron todo o ano para presentala. Estamos a 15 de decembro, o día contra a violencia de xénero foi o 25 de novembro, tiveron todo o ano para presentala.*
Outra cousa que lle vai pasar a ver, a ver o que lles vai pasar a vostedes cando teñan que gobernar, esperemos o máis tarde posible, cos seus socios que teñen xa

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

en algún goberno autonómico, que negan precisamente a violencia de xénero, e a ver como van facer para aplicar esta moción cando estean gobernando con eles, eso é outra cousa.
No punto 2 din: "Impulsar e apoiar a creación e continuidade de asociacións de mulleres como espazo de participación e empoderamento feminino e apoio a outras mulleres en risco de vulnerabilidade ou violencia de xénero", está ben, eso está moi ben, de feito a concelleira de Igualdade, xuventude e relacións veciñais, Ana Muñiz, estaba traballando nesta posibilidade e recuperar aquela asociación de mulleres que había en Dodro, a Asociación de mulleres Malva Lila, que precisamente debeu desaparecer durante o goberno do Partido Popular aquí en Dodro.
No punto 5 di:"...Así mesmo, fomentar o establecemento de vixilancia por parte da Policía Local..." tamén puideron revisala un pouquiño antes de traela, tampouco lle costaba nada, conforme lla entregan pois darlle un toque de Dodro, porque sabemos que aquí a Policía, non temos Policía local que dixo aquí antes. Imaxinamos que as Forzas e corpos de seguridade do Estado estarán facendo o seu traballo ben.
E en vista de que nos parece ben a moción, aínda que é extemporánea, pois nós dende a Unidade Veciñal de Dodro, para que vexan, ímoslle votar a favor.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG*:* *"Por resumir xa o tema da moción. Desde o BNG hai que agradecer que se sume ao carro da democracia. Pero o que lle pasa ao Partido Popular de Dodro é que sempre ven tarde porque non se escoitan cando falan: 25 de novembro e estamos a 15 de decembro. Ben a podían ter como dicía o compañeiro Xoán Xosé o compañeiro da Unidade Veciñal en outubro, podíana ter xa en xaneiro. E é máis, descoñecen o funcionamento do actual goberno de Dodro porque todas as medidas que están aí, desde a humilde posición do concello de Dodro, estanse desenvolvendo, aínda que vostede ao mellor claro non vive aquí, e non asiste a ningún acto porque non lle debe interesar.*
Non ten moito sentido tal cal aparece a súa moción que se presente para o pleno 15 de decembro. Insistimos, que evidentemente está totalmente xustificada a proposta pero para antes do 25 de novembro, chámenlle polo menos doutra maneira, non lle poñan motivo da conmemoración do 25 de novembro, para nós o 25 de novembro é tamén todo o ano por suposto, pero preséntena antes. E incluso preséntennos unha proposta para o día 25 de novembro pero claro como vostede non vai a vir, para que a van a presentar. Entón presentámola, presentámola a ver, aí vai. E non é así, hai que ser un pouco serios.
Nós vamos a votar en contra por esta falta de delicadeza por parte do Partido Popular"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Voulle conceder ao portavoz do Partido Popular un segundo turno, por favor, sempre e cando o utilice na defensa da moción e non se vaia a falar doutras cousas que non veñan ao caso. Estamos falando recórdolle, como era o conto?, "Moción do Grupo Municipal Popular con motivo da conmemoración do 25 de novembro, día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres" , recórdollo"*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Bueno, para o Sr. Castro esto é un conto, tampouco nos extraña, que sexa un conto.*
A moción foi presentada o 14 de novembro, 11 días, 11 días antes do 25 de novembro, 11 días antes....son vostedes libres de convocar os plenos extraordinarios que consideren oportunos.
Despois polo que respecta á moción, consideramos que son, acordos importantes, interesantes, e que deben ser asumidos. Recórdolles que Galicia, co goberno do Partido Popular, é unha Comunidade Autónoma pioneira na lexislación contra a violencia de xénero e quérolles recordar, que teñen vostedes a día 15 de decembro unha subvención pendente de asinar para contratar un axente de igualdade, de maio a decembro era o período subvencionable e a día de hoxe non temos noticia de que estea contratada a ningunha persoa, nada máis"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Voulle facer unha puntualización a vostede, os plenos extraordinarios, como vostede debería saber, quen teña interés en convocalos e teña no seu caso máis de 3 concelleiros no grupo político, pode convocalos. Si vostede consideraba que o 15 de novembro esta moción non chegaba a tempo para o 25, podía vostede convocalo. Non confunda á xente"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"Podemos nós convocalo? O pleno extraordinario?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pode solicitalo"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP: *"ah!"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Pode solicitalo, xa solicitou algún non?, xa solicitou algún non?, xa solicitou algún non? "*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP*:* *"Pero solicitar non é convocar"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Pois entón estaremos falando doutra cousa, vamos a votar por favor a moción do partido popular"*

Votacións:

Votos a favor: 5
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 4
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Maioría Simple

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE APOIO Á ILP PROMOVIDA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"Moción do Grupo Municipal Socialista de apoio á ILP promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública

O Grupo Municipal Socialista de Dodro desexa someter a consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria a poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Todas as medidas recollidas na ILP promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos,

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista de Dodro propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. *Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:*

- *Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas*
- *Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes*
- *Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas*
- *Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos*
- *Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centos de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada*
- *Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia*
- *Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia*
- *Poñer en marcha o Concello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros*

2. *Colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.*

Dodro, 17 de novembro de 2022
O voceiro do Grupo Socialista
Ramón Abuín Gómez”

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: Procede á lectura da moción arriba transcrita.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Moitas gracias. Vou a dar un turno aos portavoces. Portavoz do Partido Popular"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP:: *"Non sei si esto ten moito que ver e é de interés para a xente de Dodro, supoño que no, porque tendo en conta que acaba de decir o Sr. Castro que o problema de cubrir completa e continuamente todos os servizos do persoal médico e de calquer outro no centro de saúde Dodro xa está cuberto, pois non sei que esto ten que ver, ten que afectar ao concello de Dodro, porque claro, xa está todo arranxado.*
En todo caso, nós non nos vamos a opoñer a esto, porque nos preocupa, claramente o manifesto, a posta de manifesto do Partido Popular á preocupación pola sanidade pública, bueno pois incluso non nos imos opoñer, entendan vostedes que non dispoñemos de máis información, nos imos abster, pero si poden ter claro que nós a partir con data de mañán, pois nos imos poñer xa á disposición de todos os veciños de Dodro para ser interlocutores ante a Consellería de Sanidade, bueno que nos informe dunha solución ao que esto afecta aos veciños de Dodro, porque queremos colaborar e apoiar todas as iniciativas que teñan que ver con, queremos colaborar e apoiar con todas as iniciativas que poidan redundar nun mellor servicio da asistencia sanitaria aos veciños de Dodro, entonces, pois como xa lles digo, nos poñemos a disposición para reclamar da Consellería calquer tipo de información e mellora que puidera tomarse en conta aquí para o ben dos veciños de Dodro"

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Despois de escoitar o que dixo aquí o portavoz do Partido Popular está claro que da gusto ter ao Partido Popular na oposición, para que mire polos intereses dos veciños de Dodro, está claro que durante o goberno non o fai, pero durante o tempo que leva na oposición, pois todas as cousas boas que veñen para Dodro é gracias ao PP na oposición, esperemos que bote así moito tempo e canto máis mellor. Está claro que é bo para os veciños de Dodro que estee o PP na oposición.*
Hai que ter en conta que os recortes que fixo na sanidade pública, Feijoo, desde que foi presidente da Xunta de Galicia, e máis tamén se sumou o Covid-19, que xa non sabemos que foi peor, si o Covid-19 ou Feijoo. Deixaron descubertas á sanidade, sobre todo de atención primaria, con escaseza de persoal debido a fuga de sanitarios, porque claro, buscan mellores salarios e mellores condicións laborais en outros países. Por eso dí o Partido Popular que non hai médicos, non hai, di o Conselleiro "que non hai médicos, eu si houbera un médico xa o contrataba agora mismo", normal non hai médicos e como vai habelos?. Nós formámolos aquí na Universidade e os médicos marchan para outro lado porque aquí non teñen posibilidade claro.
Ademáis todos estos problemas fan que os veciños de Dodro, están obligados a ir por exemplo, ou á sanidade pública ou ao servizo de urxencias, cando aquí por exemplo non os atenden nos días máis próximos pois teñen que ir ou a urxencias ou

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

á sanidade privada. Evidentemente claro, eso é unha forma de privatizar a sanidade, é unha estratexia da Xunta de Galicia do PP coas institucións públicas, non soamente a sanidade. A estratexia é, primeiro campaña de desprestixo e despois privala de medios, e despois privatización. É o que se está facendo actualmente coa sanidade e evidentemente a moción do PSOE creo que é boa para evitar todo esto que estamos falando aquí e polo tanto ímoslle a votar a favor"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: *"Imos ver. Outra vez haille que dicir ao Partido Popular que chega tarde. Unha pena, verdade? esta entrega pero creo que ten que ser sincero o Partido Popular e dicir que Dodro non lle interesa. Eu creo que agora é cando está máis patente que nunca, que realmente nunca lle interesou despois de escoitar o que acabamos de escoitar parece que están vostedes nos mundos de Yupi. É decir, hoxe que coñecemos a través da prensa que "O Tribunal Superior de Xustiza da Galiza (TSXG) condena a Xunta e ao Sergas por vulnerar os dereitos dos médicos de Atención Primaria e os pediatras" e o Partido Popular resulta que se ofrece a ir a correr a non sei onde e a falar con non sei quen. Agora que pese a que marchou Feijoo temos Rueda que Rueda, e resulta que o que temos é que as prazas MIR que se lle piden non son capaces ou non queren desenvolvelas todas en Galiza e agora, o Partido Popular vaise erixir como salvador. Eu creo que non están cos pés no chan. Non lles interesa nada en absoluto o que está a pasar co centro de saúde de Dodro que non se enteraron. Non sabe, bueno claro vostede non é de aquí e non o sabe. O centro de saúde de Dodro ten un pediatra aínda a media xornada ou compartido con Rois. Evidentemente temos que continuar así xa o dixo a súa Conselleira. Cando vaia a reunirse con ela dígallo. Dígallo que queremos continuar así, ter un pediatra como temos, así compartido con Rois. É decir, iso é o melloriño que lle pode pasar a Dodro: sigamos como estamos, que sigamos como estamos.*
Fáganse mirar, fáganse mirar relamente estas "axudas" que agora desde a oposición, porque desde o goberno non están nin se lles espera e desde a oposición tampouco, porque chegan tarde con todas as propostas. Eu creo que tense que facer mirar.
O mesmo desde o Parlamento galego, a través do BNG, o mesmo que está pasando en todo o país, en todas as comarcas, qué comarca houbo do país que non tivera unha manifestación reclamando isto que agora o TSXG lle recoñece. Esa é a realidade, vostede non a ve. Non estando en Dodro, qué vai ver?.
Entón, evidentemente, desde o Bloque Nacionalista Galego vamos a apoiar sempre este tipo de melloras, este tipo de movilizacións, este tipo de apoios a algo público, neste caso a sanidade que naturalmente é algo que lle interesa, lle preocupa á xente de Dodro, e que sufrimos e queremos realmente mellorar e non que estea como estaba, no, queremos que mellore".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Voulle dar un novo turno ao Portavoz do Partido Socialista, por favor"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE*: "O lapsus que houbo antes,*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

recordar que a moción foi presentada o 17 de novembro, e loxicamente non me acordaba moito de que viña a esta orde do día.
Tamén lle quero lembrar ao voceiro do PP, como dixen xa noutros plenos, que el non é de Dodro, é un veciño de Padrón que seguramente utiliza os servicios do centro de saúde de Padrón, ou quizás non, ao mellor da sanidade privada, porque el é doutra categoría, máis importante e a sanidade pública é para os pobres, nada máis Sr. Alcalde".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Eu simplemente, entendo que vai a contar cos votos por unanimidade, vai sair a diante esta, porque se non pareceríame que hai moita hipocrisía anunciar na defensa dunha moción, para defender a mellora da sanidade pública galega, anunciar que se vai traballar neso e ao mismo tempo votar en contra ou absterse na aprobación da moción. Supoño que a honradez e a decencia de certos portavoces será visible agora mesmo no momento da votación".*

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

13. MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE CUMPRA CO PACTO E O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

"MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE CUMPRA CO PACTO E O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL

Os Grupos municipais Socialista, Unidade Veciñal e Bloque Nacionalista Galego de Dodro, desexan someter a consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A economía global está inmersa nunha crise inflacionista a consecuencia dunha pandemia e da invasión de Ucraína; crise que afecta principalmente a materias primas, e, en xeral, á enerxía.

Esta crise ten un impacto xeral en todos os axentes económicos, tamén ás administracións públicas, e moi directamente no caso das administracións públicas locais.

As administracións locais están a sufrir un incremento dos custos aos que teñen que facer fronte, tanto nos investimentos como tamén no gasto corrente, que está a experimentar un crecemento extraordinario.

Este incremento do gasto minorará irremediablemente os recursos das facendas locais destinados a atender as necesidades da veciñanza, particularmente, as de carácter social.

Pois ben, dende a súa chegada ao goberno da Xunta de Galicia, as políticas desenvolvidas polo Partido Popular só se caracterizan polo desprezo ás administracións públicas locais.

Nestes anos, o goberno autonómico ven incumprindo dun xeito sistemático os acordos incluídos no Pacto Local, desatendendo as peticións da FEGAMP, ignorando as necesidades das entidades locais, e sobrecargando aos concellos con competencias impropias sen dotalos dos recursos precisos. Dándose a paradoxa de que a cidadanía reclama aos concellos servizos públicos que son competencia da Xunta de Galicia.

Así as cousas, dun xeito conveniente para o goberno popular da Xunta de Galicia, os concellos son administracións de segunda categoría cando esixen que se actualice o seu financiamento, pero pasan a ser responsables cando se trata de dar resposta inmediata aos/ás cidadáns/ás.

O pasado día 20 de outubro a Xunta ven de presentar ante o Parlamento de Galicia o seu proxecto de orzamentos para o vindeiro ano 2023. O proxecto presentado mantén para o Fondo de Cooperación Local a partida base, que leva dez anos conxelada en 113 millóns de euros, mentres duplica a adicional, que pasa de 12,9 a case 30,5 millóns de euros.

Deste xeito, entre o fondo base e o adicional a contía total asignada ao Fondo de Cooperación Local ascende a 143,5 millóns de euros, un 14% máis que no ano anterior, con 17,4 millóns de euros adicionais. É sabido que este fondo adicional corresponde a gastos condicionados que non respectan a autonomía local, e normalmente refírense a competencias que son propias da comunidade autónoma.

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A FEGAMP leva anos reclamando un aumento da financiación base, necesaria para que os concellos poidan desenvolver as súas competencias. Esta reivindicación conta co respaldo de todos e cada un dos 313 concellos galegos.

Se nun contexto económico ordinario é unha obriga da Xunta de Galicia garantir un adecuado financiamento das entidades locais, aínda con máis motivo será no medio dunha crise inflacionista como a actual.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia recoñeza as especiais dificultades ás que están a facer fronte os concellos co incremento de custos, e que aposte polos concellos e asuma o compromiso de darlle unha solución ao reparto dos recursos, como así fai o Goberno Central, que si ven de aumentar a PIE.

Polo anteriormente exposto, e como firme defensor da necesidade de abordar unha actualización da Lei das Facendas Locais que permita aos concellos asumir o custo real da oferta de servizos públicos que demandan os galegos e as galegas, proponse ao Pleno do Concello de Dodro a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a:

1. *Que respecte o Pacto Local, así como todos os acordos firmados coa FEGAMP e as entidades locais.*
2. *Que comece a elaborar unha Lei autonómica de participación das entidades locais nos ingresos da Comunidade Autónoma.*
3. *Que, mentres a devandita Lei non se aproba, incremente a contía do Fondo de Cooperación Local, particularmente nos orzamentos para o ano 2023, agora en tramitación, coa finalidade de dar resposta inmediata ao extraordinario incremento do gasto como consecuencia da alza dos prezos, así como que o Fondo teña en conta a todas e cada unha das entidades locais.*

Dodro, na data de sinatura dixital

O voceiro do PSdeG-PSOE *O voceiro da UVD* *O voceiro do BNG*
Ramón Abuín Gómez *Xoán Xosé Vicente Franco* *Xoán Bautista Mariño Abuín"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"A moción é para instar a Xunta que cumpla o pacto de cooperación local. (lectura literal)"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Voulle dar un turno a todos os portavoces. Portavoz do Partido Popular por favor"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP:: *"Bueno, non sei si os veciños de Dodro están ao tanto desto do pacto local, non sei si lles preocupa moito ou non,*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

creo que ultimamente están máis preocupados polo pinus pinaster, pero bueno...
Das conversas cos veciños de Dodro, a verdade é que parece ser que as preocupacións agora van máis ben polas plantas, por determinadas árbores que por este problema, en todo caso reiteramos a nosa disposición leal con este concello e cos veciños, e loxicamente vámonos a poñer a disposición novamente, como xa o estamos facendo, para poñernos en comunicación ca Consellería de Facenda e ver que posibilidades existen para que o Concello de Dodro poida percibir máis fondos e que así poidamos acometer maiores infraestruturas, mellores servicios, para a veciñanza de Dodro. Nada máis".

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal"*

Abel Tarrío Abuín, concelleiro de Unidade Veciñal: *"Boa noite. Di o portavoz do Partido Popular que á xente de Dodro non lle preocupa que o seu concello reciba máis cartos para facer frente ós servicios. Bueno pois non sei, igual pensa que a xente de Dodro é parva ou a toma vostede por parva. Pero bueno, eu creo que cada vez xa hai menos xente que o sigue e que o cree, eu as súas palabras xa as tomo a broma e paso de vostede olimpicamente.*
Según cifras aportadas pola FEGAMP, os concellos están asumindo 624 millóns de euros por prestacións de servizos que non son competencia exclusiva das administracións locais e Unidade Veciñal vai votar a favor evidentemente.
E o punto 3, é de caixón que se teña en conta a alza de prezos, pois son os concellos os que teñen que asumir esa alza de prezos e é lóxico que a administración autonómica que ten un fondo de cooperación local con estos concellos que lle aporte máis cantidade de diñeiro. Pero o fondo de cooperación local non debe ser só un instrumento xurídico e económico, tamén ten que ser, como di o seu nome, ten que ser de vontade de cooperación entre os concellos, porque parece que a Xunta de Galicia, o fondo de cooperación local distribúeo el sin ter en conta as necesidades e a opinión dos concellos, das entidades locais.
A Unidade Veciñal vai votar a favor".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG*: "O Partido Popular está instalado noutra órbita. Claro que lle interesa á xente de Dodro o que aquí se trae porque se non non o traeríamos, claro que lle interesan os cartos, o que pasa é que o que parece das palabras do Partido Popular no seu voceiro é que ao Partido Popular só lle interesa a xente do Partido Popular. Só lle interesa aquel goberno que é do Partido Popular, nada máis que eso. Nn lle interesa nada máis que ir en contra de cando non está no goberno, da igual que sexa no goberno de Dodro ou que sexa no Estado, e non é así. Non lle hai que interesar soamente un veciño ou dous . Hai que interesarse por todos, e o que se trae aquí, é realmente nin máis nin menos que algo para todo o concello de Dodro. Claro vostedes non está afeitos. Vostedes están afeitos soamente a traballar para un cuantos, para os do PP e os seus amigos, claro, entón iso choca e evidentemente teñen que ir a falar cos seus para ver como poderiamos facer. É un pouco a idea que acaban de transmitir unha e outra vez: agora imos nós, agora vamos a facer nós, agora falamos nós, pero*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

resulta que quen está facendo e quen está traballando é este goberno, quen o está facendo dunha maneira transparente, e quen o está facendo dunha maneira que a xente quixo así e non quixo que estiveran vostedes.
Entón eu creo que é unha boa proposición a que agora mesmo se trae aquí para algo que necesita Dodro, e algo que lle interesa a Dodro e algo polo que tanto o Partido Socialista, como a Unidade Veciñal e como o Bloque Nacionalista Galego, estamos a traballar desde o primeiro momento con independencia de cores e aquí estamos e mírense vostedes. Vamos a votar a favor"

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Socialista, un segundo turno por favor"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: "*Non me extraña que ao Partido Popular non lle interese Dodro nin esta moción que foi rexeitada tamén na Deputación polo Partido Popular. Non sei o que quere, quere estar sumiso, e ter sumisos aos veciños de Dodro igual que outros concellos, porque todo o que sexa da Xunta de Galicia son alabanzas, alabanzas para a Xunta de Galicia. É decir, que os méritos da Xunta e as obrigas dos concellos sin competencias e sin recursos. Nada máis"*

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Moitas gracias, eu antes de pasar á votación, agradecerlle ao portavoz do Partido Popular o ofrecemento de traballar polos veciños de Dodro, supoño que empezará votando a favor desta moción, porque sería o primeiro exemplo de que instar á Xunta de Galicia a que, punto 1, de que 2respecte o pacto local, así como todos os acordos firmados coa Fegamp e as entidades locais". Parece evidente que si vostede quere defender aos veciños de Dodro e as veciñas, no tema económico, non se vaia a falar coa Consellería de Facenda e pode empezar votando a favor desta moción. En todo caso vamos a darlle a oportunidade"*

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

O alcalde Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"outra oportunidade perdida, que lle vamos a facer.*
Rogos e preguntas?. Punto 15, vamos primeiro cos rogos escritos: Non hai ningún"

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Falta unha moción"*

14. MOCIÓN DE APOIO ÁS TRABALLADORAS DO SAF.

Procédese co último punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"MOCIÓN DE APOIO ÁS TRABALLADORAS DO SAF

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Dodro presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

A crise orixinada pola pandemia da COVID-19 xunto coa escalada actual dos prezos fixo emerxer con toda crueza a situación de deterioro do Servizo de Axuda no Fogar.

A deixadez da Xunta infra financiando unha competencia que non asume e deixándoa nas mans dos concellos non fixo máis que agravar dita situación. Na actualidade esta infra financiamento esta repercutindo dun xeito moi grave nas xa minguadas economías municipais, así como, na situación laboral das traballadoras e na calidade asistencial.

Coidar de quen nos coida ten que ser algo máis que un slogan publicitario, non podemos permitir que en función da capacidade orzamentaria do concello a situación laboral das traballadoras mude e a prestación dun servizo tan necesario como básico sexa dunha ou outra calidade.

As traballadoras do SAF están en folga para defender os seus dereitos laborais pero tamén os das persoas usuarias que son quen sofre, colateralmente, as consecuencias dun servizo sostido na precariedade laboral. Soportan desde hai anos xornadas a tempo parcial; tendo que utilizar o seu propio vehículo para acudir dun domicilio a outro e facer un traballo sen un salario que cubra ese custe e traballando en domicilios que non contan en practicamente ningún caso coa máis mínima adaptación para atender ás persoas dependentes

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- O Pleno do Concello de Dodro mostra o seu total apoio ás traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar nas súas reivindicacións laborais por un convenio digno.

2.- O Pleno do Concello de Dodro insta á Xunta de Galiza a asumir as súas responsabilidades e a mediar na busca dunha solución para os graves problemas salariais e laborais que afectan ao colectivo de traballadoras.

Asdo."

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG: Procede á lectura da moción arriba transcrita.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, vou a dar un turno a todos os portavoces. Por favor, portavoz do Partido Popular"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro do PP:: "*Pois esto si que penso que lles interesa aos veciños de Dodro de forma moi interesante e importante. O que fala vostede no primeiro punto: "O Pleno do Concello de Dodro mostra o seu total apoio ás traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar nas súas reivindicacións laborais por un convenio digno", bueno, estas empregadas que ten o Concello de Dodro no SAF, o convenio teno co Concello de Dodro, e non sei si o revisou vostede, ou están vostedes promovendo a mellora das súas reivindicacións laborais, porque non fai falta que o pida, no no, fágao e xa está. Teñen aquí tres empregadas que presentan o servizo de asistencia no fogar e resulta vostede que trae aquí unha moción para que lle aprobemos atender as súas reivindicacións laborais ou son as empregadas doutros concellos as que lle preocupan a vostede, as de Dodro non, as doutros concellos. As de Dodro non lle preocupan porque esas son as que teñen o convenio co Concello de Dodro, por certo financiado pola Deputación, financiado pola Deputación, entonces haberá que...porque aquí no segundo punto vostede escribe Xunta de Galicia pero no primeiro olvidóuselle escribir Deputación da Coruña, en fin...*
Eu non vou a decir que o Sr. Castro é un "bocas", como me dixo a min non, no, eu non vou a decir que vostede é un "bocas", no, eu non vou a decir que o Sr. Castro é un "bocas", no eso non o vou a decir, non lle vou a chamar a vostede "bocas". Pero aquí, xa no primeiro ano do seu mandato, dixo que se iba a encargar de cambiar o convenio que regula o SAF Dependencia e sacar a contratación un prezo por hora digno. Eso foi no primeiro ano, eu tampouco lle vou decir aquí ao Sr. Castro que é incapaz de sacar unha contratación en tres anos e medio como leva, eu tampouco o vou dicir. Pero mire, vamos a ver, levan vostedes tres anos e medio cun contrato vencido, caducado, que debería ter xa renovado e non fumos nós os que dixemos aquí que ibamos sacar unha contratación, que ibamos pagar a non sei canto a hora, porque aquelo estaba moi mal pagado...bueno pois levan vostedes tres anos e

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

medio.
Nos decía fai pouco, fai uns minutos vostede que chegamos tarde, pois entonces vostedes que levan tres anos e medio...levan tres anos e medio de retraso, e sigue sin ser renovado. Vostede ten o convenio co SAF aquí, cas empregadas de aquí, e é a Deputación quen o financia. E o SAF Dependencia, quen dixo que iba a atender as reivindicacións laborais e facer un convenio como dios manda, non foi o Partido Popular, foron vostedes os que están agora mesmo gobernando, por boca do Sr. Castro. A verdade é que están facendo unha moción contra vostedes, porque oiga, fagan vostedes os deberes Sr. Mariño e mire vostede as súas competencias, que dudo moito que as coñeza a día de hoxe. Por certo xa aprobeito para recordarlle que estamos no Nadal, a ver si este Nadal non ocurre coma noutro Nadal e deixa as familias dependentes desamparadas e sen asistencia como fixo vostede o ano pasado"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias pola súa intervención, pero teño que recordarlle unha vez máis, que por favor estamos discutindo o texto dunha moción e parece que non queda moi propio que vostede se dedique a mezclar cousas, porque incluso para os veciños de Dodro, incluso para os seus votantes que hai que recoñecer que os ten, pois sería interesante que vostede se centrase na defensa das actuacións, non se me disperse por favor Sr. Alfonsín. Portavoz do Partido Socialista"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdG-PSOE: *"Simplemente recordarlle, decirlle ao voceiro do Partido Popular que lea a moción, eso é o primeiro que debe facer, que lea a moción. E claro que defendemos ao persoal do SAF, lóxicamente, e namáis. Vólvolle a repetir, lea a moción, lea a moción, ao mellor no sabe, pero entonces é o seu problema, sabe de todo e ao final non sabe de nada"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal"*

Xoan Xosé Vicente Franco, portavoz de Unidade Veciñal: *"Nós estamos totalmente a favor, vemos que aínda que aquí o portavoz do Partido Popular quere saltarse a moción e está a falar do que a el lle interesa, nós estamos totalmente a favor da moción e dos dous puntos que se traen aquí para aprobación. Imos a votar a favor"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Un segundo turno ao portavoz do Bloque Nacionalista Galego"*

Xoan Bautista Mariño Abuín, voceiro do BNG*: "Grazas pola participación aos portavoces que atenderon e entenderon a moción. Ao Partido Popular gustaríame volver a lerlle que o que realmente se trae aquí é unha moción tipo para todo Galicia incluído tamén Dodro. E sabe, por qué é?, claro vostede é moito de números e eu ao mellor son máis de letras e claro ao mellor non entende, entón vou a volverlle a decir simplemente cun dato voullo: convenio actual do ano 2010, soldo da auxiliar de axuda a domicilio base 872,30 €. E non hai maneira de chegar a acordo coa Xunta por iso traemos aquí esta moción. Iso é do que estamos a falar, non fale vostede de cousas que deixou sen facer, sen prorrogar, sen cumprir, cando os veciños lle dixeron que non era vostede a persoa idónea para continuar no*

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

goberno de Dodro. Vostede fala de algo para intentar a ver se cola, pero non cola . Aquí hai que levantar a man para votar si estamos ou non a favor do que é realmente apoiar ás persoas que están agora mesmo traballando cun convenio do 2010, vostede con que convenio está traballando agora mesmo? Supoño que non será cun convenio do 2010. Aquí estamos falando dun convenio do 2010 axuda a domicilio, soldo base recórdollo 872,30 €, diso é do que estamos a falar e de instarlle como vostede sempre di que si que vai, ...pero non empeza a ir porque aquí está votando sempre abstención ás propostas que en este pleno se trouxeron. E quere dicirlle despois á xente que vai facer e que vai acontecer e resulta que non, porque non é capaz de levantar a man para apoiar realmente as cuestións que realmente están encima da mesa, non outras. Traia vostede unha moción, presente unha moción, presente unha moción no sentido que vostede pensa que é a cousa. Pero non o sabe, que vai saber vostede de Servizos Sociais. Eu agradézolle a aportación aos demais portavoces que si atenderon, que si entenderon. Lamento unha vez máis que o Partido Popular que está noutro mundo: non quere apoiar ningunha das propostas que se traen aquí que interesan a Dodro e vaise polos cerros de Úbeda. É unha pena"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, simplemente agradecerlle outra vez máis, hoxe estou en plan conciliador co portavoz do Partido Popular, que se acorde do que dixen eu hai tres anos e medio, pero realmente o que me doe é que non fai nin caso. Acordar acórdase, pero non fai nin caso. Vamos a votar por favor a moción do Bloque Nacionalista Galego en apoio do persoal do SAF"*

Votacións:

Votos a favor: 6

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 3

0 BNG
3 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"E agora si, presentarlle as miñas desculpas ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego, polo olvido. Agora si que tocan os rogos e preguntas"*

15. ROGOS E PREGUNTAS

Rogos escritos

Ningún

Rogos orais

María Soledad Boga Grela, concelleira do PP: *"Si, eu teño un rogo oral. Si me permite o Sr. Alcalde"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"si si, como non"*

María Soledad Boga Grela, voceira do PP: *"Eu quería rogar que o Sr. Alcalde se absteña de facer insultos aos concelleiros deste grupo municipal, como os que fixo hoxe neste pleno, e que espero que consten en acta. E ademais como acaba de dicir que está en tono conciliador creo que é unha imaxe que damos aos veciños que non favorece en nada, e menos do Sr. Alcalde. Eu creo que si ten que chamar ao orden, pode chamar doutra maneira sin ter que propinar os insultos que aquí propinou neste pleno e que debería de darlle vergonza"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, algún outro rogo máis?"*

Preguntas escritas ou orais

Ningunha

Ás 21:25 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: cyva8BPjpyDyRnqgd8Ps
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.